

O HOME QUE PLANTABA ÁRBORES, JEAN GIONO

O 5 de outubro comezou a andadura do noso Club de Lectura cunha xuntanza co noso alumnado de 1º de Bacharelato para comentar *O home que plantaba árbores*, de Jean Giono.

É esta unha bonita alegoría sobre un home que, de forma anónima e desinteresada, consegue transformar un val desolado nun bosque fermoso e frondoso.



Foi moi grato escoitar as reflexións dos nosos rapaces e as nosas rapazas sobre a transcendencia que poden acadar os actos desinteresados e sobre o poder que ten o ser humano para transformar o mundo que o rodea.



Pero sobre todo, resultou interesantísima a súa análise sobre a actual emerxencia ecolóxica, e sobre a necesidade de mudar os nosos hábitos para tratar de rexenerar o noso medio natural.